Eduardo Blanco Amor

literaria

OS BIOSBARDOS



EDITORIAL GALAXIA

Biblioteca Blanco Amor

OS BIOSBARDOS

Biblioteca Blanco Amor

bBA

A Biblioteca de Autor Eduardo Blanco Amor vai ilustrada
con fotografías do propio autor

Esta versión parte da 2.ª edición na Colección Biblioteca Otero Pedrayo,
impresa na Editorial Galaxia en 2008

1ª edición, 1962
1ª edición, BBA, 2003
1ª edición dixital, 2010

© Herdeiros de Eduardo Blanco Amor, 2010

© EDITORIAL GALAXIA, S. A., 2010
Avenida de Madrid, 44 baixo. 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-920-7

Maqueta da colección e
deseño da cuberta
MANUEL JANEIRO

Eduardo Blanco Amor

OS BIOSBARDOS

CONTOS PARA A XENTE

EDITORIAL GALAXIA



EDUARDO BLANCO AMOR
1897-1979

XUSTIFICACIÓN

Este é o cuarto libro que nace das miñas lembranzas de Auria, pobo onde eu mesmo son nado. Os outros, son tres novelas: La catedral y el niño, A esmorga *e* Los miedos. *Supoño que o presente ha de ser o derradeiro, para que o tema non se me vaia trocando en teima.*

Velaquí os xogos perigosos da saudade. Para nós, os emigrantes, pensar na terra —á parte algunhas abstraccións que a prolongan intelectualmente— é pensar na porción da nosa vida que nela sucedeu; ou sexa, pensala co corazón, revivila un pouco maxicamente, como decote pasa cando se pensa co sentimento.

Como obxecto literario (mellor sería dicir poético) participa desa lenda da propia vida que vén a ser a infancia, "esa fadiña de albo porte", como dixo Noriega. De aí a tona de inactualidade —de intemporalidade— que embaza os devanditos libros, e a que, aínda de imaxe tan realista, *os res-*

cata (penso eu) dunha realidade fuxidía, comprobábel, documental. Isto non é aporlles un mérito senón fixalos nunha descrición, que acada tamén ás páxinas que seguen.

Os presentes contos son dunha Auria que xa non é, a soa que me segue pertencendo. Pasan —o mesmo que os outros libros— nas dúas primeiras décadas do século, nas que eu convivín co meu pobo. Como ambiente, son todos autobiográficos; como anécdota, ningún.

O artificio de relatar en primeira persoa, á parte de serme o máis doado, axústase ó insistente anceio de refacer unha realidade compartida, repartida, en tipos e vivencias que configuran a miña propia posibilidade vital: ese ser moitos *de cada existencial mencer, que tan fortemente xorden no intre evocador, triunfantes do tempo, da distancia e da natural disconformidade en que consiste o chegar a ser* un.

Do mesmo xeito que en A esmorga*, vállome das formas populares da fala, sacrificando outras predilecións das que teño dado mostras, se cadra en demasía. Aínda non podemos darnos o luxo de esguellar certos pragmatismos. Entre eles, o de levar as nosas letras até o lector do común. Sen un interese maioritario, os nosos intentos darán no eivamento e no académico, e a nosa fala*

chegaría a ser unha sorte de koiné *requintada, para ledicia e gabanza duns poucos.*

Con esa intención pensei estes contos, como "contos para a xente". Ogallá resulte.

OS BIOSBARDOS

Chegamos de volta a Auria sendo eu de once anos despois de finar mi padre, que sairamos de alí sendo eu moi cativo, que eu non nacera en Auria senón en Ponte Barxa na raia seca de Portugal sendo meu pai carabinero como o foi até o cabo dos seus días; a miña irmá Alexandrina si, que aló quedou, ós sete, das vixigas en Calahonda, e meu irmán Alixio tamén que era o meirande e fuxiu cos xitanos, que se o levaran ou se fuxiu nunca se soubo, e non voltou.

Conque mi madre con sete duros da viuvedade que non chegaban a un dente púxose aínda máis a cismar na volta a Auria que lle quedara unha cachoupiña cun resío de horta perto da Ponte dos Pelamios, e criar pitas e un marrello para cebote, que endexamais se afixera en Madrid, nin en Alxeciras, nin en Alcántara (e aínda menos en Ceuta, onde chorou acotío ano e medio), como se non houbera pitas nin marráns nas

outras bandas do mundo, e cando acadou telos aquí deixou de nifrar por mi padre e de falar do Alixio como se tivese nacido de novo, e púxolle ás pitas nomes de cristiáns e ó porquiño chamáballe *Algabeño*, e ó galo *Canalejas*.

Asegún me dicían os rapaces de Auria eu resultara falando o andaluz polo moito que contrapeaba miña fala coa súa, e facíanme falar e coñeábanse de min sen o aparentar anque eu dábame conta, e tamén de que xa non falaba andaluz senón madrileño que se me apegara despois: "anda la osa, nos ha jodío, vaya leche, oye Ninchi", e eu non tiña culpa, polo cuio me facían xudiadas, puñéranme "Ninchi" de alcume, e a miña nai dábame chapadas na boca cando chegaba da rúa dicindo porcalladas sen o saber, na fala do país que mas deprendían os rapaces con nomes trabucados, "dille á túa nai que che dea un pataco pra mercar c... xa verás que ricas". E rachábanme os peóns e afundíanme os puñetes na res xogando a la una anda la mula e facíanme regañetas de m... cando iamos nadar na Sila, con dous ou tres nós tan apreixados con auga na camisa que non se podían desfacer sen botarlles os dentes.

Eu ben me decataba de que todo aquilo tiña que pasar e pasaría, xa que noutros sitios me